



CONCELLO DO IRIXO (OURENSE)

D. Luis Alberto Fernández Viz, Secretario do Concello de O Irixo, Ourense

CERTIFICO : Que polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2.015, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo :

"4.- ADHESION ACORDO DEPUTACION SOBRE TRANSPARENCIA.- Dase conta da proposta de Convenio da Deputación provincial aos concellos, en materia de transparencia e acceso á información pública. Previa deliberación, por unanimidade dos catro grupos que compoñen a Corporación, acórdase:

1. Aprobar a adhesión do concello do Irixo ao convenio marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

2. Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

3. Designar como persoa responsable da execución do convenio a D. Manuel Penedo Paradela, Alcalde do concello, . Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde- Presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno."-----

Concorda co borrador da acta ó que me remito.

E para que conste, expido- la presente, de orde e co Vº e Prº do Sr. Alcalde, en Irixo a sete de decembro do dous mil quince.


Vº e Prº
Alcalde
Asdo. Manuel Penedo Paradela

O Secretario